

CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 2 de xullo de 2020, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 3 de xullo de 2020.


Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-leí 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 3 de xullo de 2020 ás 14:00 horas, en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 16.06.2020.
2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2018/0022/000018.
3. APROBACIÓN CONDICIÓNS XERAIS DAS LICENZAS URBANÍSTICAS.
4. TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA.
5. APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN COMISIÓNS DE FESTAS 2019.
6. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA AVDA. CASTELAO. POS+2019.
7. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED NAS RÚAS NOSA SEÑORA DO MAR, RÚA SALINAS E OUTRAS. POS+ 2019.



CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 262/2020 DE DATA 26.05.2020-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2020.
9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 271/2020 DE DATA 28.05.2020-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCALES FIRMANTES DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTENIBLE PARA O ANO 2020.
10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 311/2020 DE DATA 19.06.2020-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA O MANTEMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO ESTABLECEMENTO DE NORMAS E PAUTAS ORGANIZATIVAS, DO MANTEMENTO E LIMPEZA E DA CONSERVACIÓN E CONTROL AMBIENTAL DAS PRAIAS, DERIVADAS DA IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS POR CAUSA DA PANDEMIA DO COVID-19.
11. DAR CONTA DOS AUTOS DE DATA 06.03.2020 DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N.1 DE FERROL, DO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 1/2010 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 238/2002.
12. DAR CONTA DA SENTENCIA DE DATA 10.06.2020 DO T.S.X. GALICIA SALA DO SOCIAL A CORUÑA, DO RECURSO DE SUPPLICACIÓN 5031/2019 DE D^a SUSANA GARCÍA RODRÍGUEZ CONTRA O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL, TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, FREMAP, MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS Nº 61 E CONCELLO DE CEDEIRA.
13. ASUNTOS VARIOS.

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil